

Pasos a seguir para conectar Windows XP a rede **orosalwifi**

É **necesario dispor dunha clave de acceso** (pódese solicitar no Dpto. de Informática do Concello) e é **necesario dispor dun nivel de sinal aceptable**, xa que as tarxetas de rede ordinarias teñen moita menos potencia que o kit de usuario (bridge+antena externa)


Por último, non é posible conectar dous ou máis equipos simultaneamente á rede coa mesma clave de acceso.


A maioría de tarxetas inalámbricas do mercado incorporan un software propio para a xestión da mesma. Para evitar problemas a hora de configurar a validación deberemos desactivar dito software empregando o propio xestor de conexións inalámbricas do Windows XP

Primeiro procederemos a desactivar o software propio que trae a tarxeta inalámbrica. Na barra de tarefas(o lado do reloxo de Windows) atoparemos o icono do software(non ten por que ser como o da imaxe). Boton Dereito – Exit





O seguinte paso é ir a inicio – configuración – conexións de red – botón dereito sobre a nosa conexión inalámbrica – propiedades – e teremos unha pantalla tal que esta:






Marcamos a opción “Usar Windows para establecer mi configuración de red inalámbrica” e Aceptamos.

Agora mesmo na barra de tarefas teremos o icono do xestor de redes inalámbricas  do Windows XP, dobre click e aparecerá una pantalla coma está.




Doble click sobre orosalwifi, intentará conectarse pero dará un erro posto que ainda non indicamos unha serie de parámetros como usuario/contrasinal (facilitados polo concello)

Volvemos a inicio – configuración – conexiones de red – botón derecho sobre a nosa conexión inalámbrica – propiedades :





Marcamos a conexión “orosawifi” na sección “redes preferidas”. Click sobre **propiedades** e aparecerá a seguinte pantalla.




Eliximos en Autenticación de red **WPA2** e en Cifrado de datos **AES**. Se alguna destas opcións non aparece, intenta actualizar o sistema xa que sen estas opcións non se poderá levar a cabo a validación

Vamos a siguiente pestaña “**autenticación**”, eleximos en tipo de EAP “**EAP protegido(PEAP)**” e damoslle a propiedades




Desactivamos “**Validar un certificado de servidor**” e activamos “**Habilitar reconexión rápida**”, en método de autenticación debemos ter “**Contraseña segura(EAP-MSCHAP V2)**”.Damoslle o boton “configurar”:



Desmarcamos “**Usar automáticamente el nombre de inicio de sesión...**”

Aceptamos, e vamos a pestaña “**Conexión**”, donde temos que ter marcada a opción “**Conectarse cuando esta red esté en el alcance**”. Aceptamos todo todo e volvemos a darle doble click o icono do xestor de redes(barra de tarefas


) inalámbricas do Windows XP



Aparecerá de novo a rede “**orosawifi**”, doble click para conectarnos(ou premer botón conectar). Apareceranos unha mensaxe “**Haga clic para seleccionar un certificado u otra credencial para la conexión de red orosalwifi**”. Dámoslle click e sairá a seguinte pantalla



Se todo vai ben saira a seguinte pantalla donde deberemos introducir o usuario e o contrasinal (sempre respetando maiusculas e minuscucas), deixando en branco o Dominio. Damoslle a aceptar, e esperamos un tempo ata que se conecte a rede. Pode que volva a pedirnos varias veces os datos, iso debese principalmente a que o noso nivel de sinal non é o adecuado. Sería recomendable revisar a vosa instalación para obter un nivel de sinal aceptable.

Unha vez feito iso se non existen problemas xa dispoñemos de conexión, deberíamos ter o icono do xestor de redes inalámbricas así 

Para asegurarnos, imos a inicio – executar – escribimos **cmd** damoslle a tecla enter e escribimos “ping 172.16.0.1”, se recibimos a seguintes mensaxe todo foi ben.

Respuesta desde 172.16.0.1